




# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021/2022

CENTRO: IES CHAN DO MONTE  
CURSO: 1º BAC  
MATERIA: Lingua Galega e Literatura  
DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura  
DATA: 04/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



<b>1. Criterios sobre a avaliación e cualificación</b>	
<b>1ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nota das probas escritas 80%</li> <li>- Nota de traballo 20%</li> </ul>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:</b></p> <p>Dada a natureza práctica e instrumental da materia, a avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución progresiva do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p> <p>Tendo en conta que a avaliación é formativa, tamén se rectificaron nas seguintes avaliacións aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe co fin de contribuír a mellorar a adquisición de competencias.</p>
<b>2ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</b></p> <p>Nota das probas escritas 80%</p> <p>Nota de traballo 20%</p>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:</b></p> <p>A avaliación é continua en todos os apartados. Valorarase a evolución do alumno, e coma se reflicte abaixo, a fórmula aplicada para a obtención da avaliación final concede maior peso a terceira avaliación.</p>
<b>3ª Avaliación</b>	<p><b>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Nota das probas escritas 80%</li> <li>- Nota de traballo 20%</li> </ul>
	<p><b>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:</b></p> <p>Recuperarase na proba extraordinaria a través dunha proba escrita, examinando ao alumno dos estándares non acadados.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>Cálculo da nota da avaliación final:</b></p> <p>Realizarase unha media ponderada, consonte a seguinte distribución: 50% (media da primeira e da segunda avaliación) e 50% (nota da terceira avaliación).</p>
<b>Proba extraordinaria para BAC</b>	<p>Consistente na realización dunha proba escrita na que se avaliarán os estándares non superados nas diferentes avaliacións.</p>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<b>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendiente :</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 50% nota das probas escritas</li> <li>- 50% nota do boletín de actividades</li> </ul> Se a media é inferior a 5 puntos, terán dereito a unha proba escrita no mes de xuño. A puntuación acadada nesta proba será a que figure no boletín.
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Levaranse a cabo dúas probas escritas, unha no mes de febreiro e outra no mes de abril. Ademais, o alumnado presentará un boletín de exercicios que lle servirá para preparar os contidos deses exames. A profesora encargárase da supervisión deste boletín e de resolver as posibles dúbidas sobre a súa realización.

## 2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC

<b>Metodoloxía</b>	<b>Empregaranse dous tipos de metodoloxías:</b> O alumnado que teña que asistir á proba extraordinaria para recuperar algún estándar fará tarefas moi guiadas, similares ás da proba, co fin de acadar eses estándares e de axustar o traballo ás esixencias do exame. Os alumnos que teñan a materia superada farán exercicios que reforcen o aprendido durante o curso, preferiblemente colaborativos e que poidan realizar de forma autónoma coa supervisión da profesora
<b>Actividades tipo</b>	Para o alumnado que ten que recuperar, proporcionaránselle boletíns con tarefas axustadas ás necesidades individuais. As actividades do resto do alumnado consistirán en actividades de reforzo ou de ampliación sobre algún contido clave do vindeiro curso académico.
<b>Materiais e recursos</b>	Boletíns de traballo.